

ASISTENTES

Reigosa Roger, Manuel Joaquín (presidente)
Barreiro Rodríguez, Covadonga
Bravo Bosch, María José (secretaria)
Cuevas Alonso, Miguel
Currás Valle, María Consuelo
García González, Silvia
Lima González, Estela
López Escobar, Juan José
Villanueva Villar, Mónica
Escusan a súa asistencia:

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo do xoves, **13 de marzo de 2025**, ás 09:00 h. en primeira convocatoria e ás 09:15 h. en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría e na Sala 16 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **13 de marzo de 2025** ás 09:15 h., en segunda convocatoria, deu comezo a sesión ordinaria da Comisión Electoral da Universidade de Vigo, presidida polo reitor, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión do 14 de febreiro de 2025.

O reitor, presidente da Comisión Electoral, pide que se aprobe a acta despois de chegar ao acordo dunha corrección da mesma.

Apróbase por asentimento.

2. Decisións a adoptar, se procede, sobre as consultas recibidas na Secretaría Xeral en relación coas eleccións de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento.

Aprobouse o traslado de postos vacantes dun subsector a outro, é dicir, do subsector de 1º e 2º ciclo ao 3º ciclo e, de igual xeito, as vacantes presentes no subsector de 3º ciclo foron reasignadas ao subsector de 1º e 2º ciclo, baixo a mesma condición. Ademais, aceptáronse as modificacións solicitadas no censo para o día da votación, de acordo coa documentación enviada aos membros da Comisión electoral.

Apróbanse por asentimento.

3. Resolución, se procede, das reclamación ás candidaturas provisionais e proclamación definitiva das persoas candidatas.

As reclamacións estaban na documentación remitida aos membros da Comisión, coa admisión das de Carlos Beis Penedo, Diego Cajaraville Aboy e Roi Pérez López; non admitindo a reclamación de Carlos Fernández López, por non exercer o dereito de opción.

Por outra banda, acórdase elevar as candidaturas provisionais a definitivas e facelas públicas por orde alfabética diferenciando as admitidas das excluídas, e distribuídas por departamento.

Apróbanse por asentimento.

4. Declaración, se procede, da conclusión do proceso electoral naqueles departamentos nos que o número de candidaturas non supere o número de postos a cubrir (art. 27.12 do regulamento).

Os membros da comisión deciden concluír o proceso electoral naqueles departamentos nos que non é preciso celebrar eleccións por presentarse un menor número de candidaturas ca postos que se deben cubrir; sendo os departamentos nos que non conclúe o proceso electoral de representantes de estudantes nos Consellos de Departamento, polo que teñen que celebrar votación, os seguintes: T13- Enxeñaría Telemática (1º e 2º ciclo e 3º ciclo), e o X13- Dereito Público Especial (1º e 2º ciclo).

Apróbase por asentimento.

5. Adopción, se procede, do acordo relativo á comunicación de instrucións ás presidencias das mesas sobre as urnas e o escrutinio.

Os membros recibiron na documentación previa as instrucións que se remitirán as presidencias das mesas.

Apróbanse por asentimento.

6. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral, do nomeamento de interventores e interventoras.

Considérase o máis práctico para o proceso electoral.

Apróbase por asentimento.

7. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral, das cuestión de trámite e as respostas as dúbidas que podan xurdir ata a data de emisión de voto.

Considérase o máis práctico para o proceso electoral.

Apróbase por asentimento.

8. Delegación, se procede, na Secretaría Xeral da proclamación provisional dos resultados.

Considérase o máis práctico para o proceso electoral.

Apróbase por asentimento.

9. Outros asuntos de interese.

Na documentación remitida aos membros da Comisión Electoral, a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo do Campus de Ourense solicita a emisión do parecer da Comisión Electoral con respecto ás candidaturas de tres estudantes de doutoramento, por cursar estudos non presenciais, e pola presentación de dúas reclamacións contra as presentadas polas estudantes de doutoramento.

Analizada a documentación, compróbase a legalidade do procedemento, polo que se estima conforme a dereito as tres candidaturas presentadas polas estudantes de doutoramento Teresa María Queiroz Veiga e Mendes, Monica Pereira de Oliveira, e Verónica Rocha Bernardo.

Apróbanse por asentimento.

10. Quenda de Intervencións.

Juan José López Escobar pregunta sobre o estado de implementación do voto electrónico, se hai intención de implantalo. O reitor responde sobre as votacións non presenciais; preguntou sobre o software no CISUG, xa que comezamos cun proxecto piloto e durante os traballos quebrou a empresa. Neste momento non temos esa ferramenta a disposición, aínda que o CISUG está buscando unha nova ferramenta, cunha nova empresa útil e garantista. A secretaria xeral responde que hai intención de implementalo, pero non hai un prazo previsto.

O reitor comenta tamén, en resposta á solicitude de López Escobar con respecto á adscrición do persoal técnico de investigación ao PTXAS que fixera, que na xuntanza conxunta na mesa paritaria (as tres universidades públicas galegas), imos dicir que abandonamos a negociación, porque queremos deixar arranxado o tema do Persoal Investigador, PI. Estivemos esperando para poder chegar a un acordo coas outras universidades galegas, pero para nós é un momento de que todas as figuras estean recollidas no convenio colectivo, e imos traballar de forma individual na nosa universidade. En canto a si estarían dentro do PTXAS o persoal de proxectos ou de xestión, estará recollido no novo convenio colectivo, cos seus dereitos.

Juan José López Escobar di que lle alegra que todo o persoal de Investigación vaia estar no convenio colectivo, pero diferenciando o Persoal Técnico de Xestión, que debería estar dentro do cadro do PTXAS, xa que unha cousa son os dereitos sindicais e outra os órganos de representación.

Miguel Cuevas comenta que, como parte sindical, comprométese a traballar arreo xa que hai que abordalo ben e con garantías.

O reitor agradece o traballo que está a facer a Secretaría Xeral para as vindeiras eleccións, sobre todo á coordinadora da Secretaría Xeral, polo esforzo e dedicación.

Sen mais puntos que tratar, remata a sesión ás 10:10 h., do que eu, como secretaria da comisión, dou fe.

O presidente da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral